

CICLO DE MÚSICAS

PORTUARIAS

FERROL - 08



DESERD © PASTOR



CICLO DE MÚSICAS PORTUARIAS - FERROL 08

Non hai mar sen porto, nin porto sen taberna, nin taberna sen canción. Unha canción dando a volta ao mundo en cada peirao colle un particular acento. Faise acompañar por distintos e exóticos instrumentos até conseguir identificar ao pobo que a canta con fachenda. Que traen e levan os barcos? Que hai alén da ría? Xunto a cada novidade e influencia, sempre se agocha a música popular doutros lugares do mundo. Música de “vai e vén”, ecléctica e aberta. As viaxes recollidas polos músicos do noso tempo chegan a Ferrol da man do Ciclo de Músicas Portuarias. Unha cita entre os meses de xuño e xullo con música mariñeira na cidade departamental que, dende as súas orixes na vila de pescadores do Ferrol Vello ao futuro das autoestradas marítimas, tivo coma referente cultural o MAR.

A música portuaria do fado espallado polo mundo chega con Mísia. A elegancia portuguesa, unha diva innovadora do fado que entrou na historia do seu propio arte. Presentará o seu último traballo, 'Lisboarium', un canto á capital lusa con textos dos grandes poetas portugueses sobre música de fado tradicional.

Dende a quinta provincia galega, a música porteña do tango estará representada por Marcelo Mercadante, un virtuoso do bandoneón e un dos novos valores de Bos Aires que hoxe vive en Barcelona. Acompañado do Quinteto Porteño, veñen cun repertorio tradicional, composicións propias e temas de Astor Piazzolla.

Nos peiraos do cantábrico astur, a tonada colleu xeito con influencias mariñas e hoxe está a recibir un novo pulo coa voz de Anabel Santiago que nuns poucos anos actualizou intención e maneiras neste xénero. Mellor canción e disco nos premios Amas 2008, foi a artista máis nova en ter unha rúa en Oviedo co seu nome (aos 19 anos!).

Na nosa costa, a música popular urbana galega, os antigos 'bailes de salón' adquiriron extraordinaria relevancia sempre abertos a novas músicas e danzas nas que agora se inspira Marful, o grupo revelación da música galega actual, gañadores do premio ao mellor disco do ano 2006 na Radio Galega.

O Ciclo, ademais, complétase con dous actos paralelos:

- Un paseo en lancha pola ría de Ferrol amenizado con música ao vivo de acordeón diatónico e zanfona: Dúo Carlos Quintá e Óscar Fernández.
- Un espectáculo musical infantil: A Montaña Máxica con Stranniki e Manolo Panferreteiro.

Ciclo de Músicas Portuarias é unha mostra da puxanza que hoxe aínda teñen as músicas que cheiran a porto.

MARCELO MERCADANTE Y SU QUINTETO PORTEÑO

Venres 20 de xuño ás 20.30 horas no Teatro Jofre

Se hai algún instrumento que mellor reflicte o intercambio musical nos portos é o acordeón, difundido extensivamente dende finais do XIX nos centros marítimos de Europa e América. Unha das particularidades locais máis destacada ao sentir galego é o acordeón na Arxentina: o bandoneón. Marcelo Mercadante é un deses virtuosos do instrumento que lle dan vida ao tango.

Nado no 1969 en Bos Aires. No 1991, co Octeto La Sombra, gañan a 2ª Bienal de Arte Joven de Bos Aires. No ano 1992 trasládase a Barcelona onde se presenta co actor Pepe Rubianes no Teatro Goya. Formacións significativas das que forma parte a finais dos 90: Trío arxentino de Tango, o Cuarteto Araca, Quinteto Sur e Quinteto Porteño, xurdido da súa necesidade de compoñer, dirixir e arranxar. Publica con eles no 2002 o CD "Esquina Buenos Aires". Colaborador regular con músicos doutros xéneros coma Joan Manuel Serrat, Los Sabandeños, Nina ou o cantaor Miguel Poveda do que se espera unha inminente edición discográfica. Como solista, preséntase coa obra de A.Piazzolla "5 Sensaciones de Tango" coa Orquesta Nacional de Cámara de Andorra. Ademais, toca coa Orquesta Nacional de Barcelona e Catalunya e coa de Euskadi.

En 2006 interpreta o Concerto para Bandoneón e Orquestra "Aconcagua" de Astor Piazzolla coa Orquesta Sinfónica de Galicia.

"Suburbios del alma", publicado no 2007, é o seu último traballo con composicións propias e de Pablo Marchetti. Tango vocal e instrumental en estado puro.

O concerto para este Ciclo de Músicas Portuarias será coa formación Quinteto Porteño, baseado en repertorio instrumental composto polo propio Marcelo, adaptacións de tangos tradicionais e versións de Astor Piazzolla.



Marcelo Mercadante: bandoneón e dirección
Andrés Serafini: contrabaixo
Javier Feierstein: guitarra eléctrica
Gustavo Llull: piano
Gisele López: violino



MARFUL

Venres 27 de xuño ás 20.30 horas no Teatro Jofre

Marful proponnos unha cocteleira inspirada nos ritmos que soaban nas vilas galegas, entre os anos 30 e 50, nos salóns de baile e nos cafés cantantes. Unha época musical marcada polos ritmos de tradición americana que cohabitaban coa música popular e a canción melódica. Música elegante para unhas letras persoais e irónicas, letras en feminino feitas pola propia Ugia Pedreira e por escritores como Anxo Quintela, Ricardo Carvalho Calero, Olga Nogueira, Manolo Pipas ou o francés Jacques Prévert.

O interese pola expresión musical nesas décadas de cambio social e a confluencia entre a música rural e a urbana tinxen esta proposta de Marful facendo que sexa unha peculiar interpretación da música urbana con sabor a porto, a casa de indios, a emigración, etc. Twist, tangos, habaneras e pasadobles forman este particular universo, cunha posta en escena que busca a emoción no fio da ambigüidade e o resultado, en calquera caso, é unha elegancia irreverente.

Marful, con Ugia Pedreira á fronte e con Pedro Pascual, Pablo Pascual e Marcos Teira, tres grandes músicos e unha voz conmovedora -coñecidos e recoñecidos pola súas carreiras artísticas individuais- que se xunta na sección rítmica dous grandes do jazz galego como Luis Alberto Rodríguez e Xacobe Martínez Antelo.

Foron a primeira representación galega na Feira Internacional de Música WOMEX; o premio do público da Radio Galega ao mellor disco no 2006; convidados á Feira do Libro da Habana e artellando xa o seu segundo traballo discográfico.



Ugía Pedreira: voz
Pedro Pascual: acordeón diatónico
Pablo Pascual: clarinete baixo
Marcos Teira: guitarra
Luis A. Rodríguez: batería
Xacobe Martínez: contrabaixo



ANABEL SANTIAGO

Venres 4 de xullo ás 20.30 horas no Teatro Jofre

A revelación consolidada da tonada en Asturias. Unha voz nova que en pouco tempo fixo rexurdir este xénero de canción dende o respecto á tradición e a liberdade interpretativa. Nacida en Bos Aires no 1982 é unha artista precoz que leva gravando dende os 12 anos.

Dende o 1995 comeza a gañar os concursos máis importantes da tonada asturiana: Ciudad de Oviedo, de Xixón, Avilés... dos que é contratada polo goberno do Principado para actuar en Europa e Latinoamérica e empeza a subirse a escenarios de festivais coma os de Lorient ou Segovia. Curtida en bandas de estilos tan diversos coma o folque (La Bandina), o rock (Dixebra), o jazz/fusión (Tino di Geraldo), o hip hop (Dark la EME). Edita o seu 1º traballo “Tierra de Sueños” no 2001, en clave tradicional.

No 2003 o seu segundo disco “Al son de la Lluña” supón a revolución anunciada para a tonada e canto asturiano. Funde o acústico co electrónico e consolida a súa carreira en solitario. Nesta época coñece ao guitarrista, arraxista e produtor Michael Lee Wolfe con quen manterá unha relación profesional intensa e de grande calidade artística en proxectos con diferentes formacións. Canda o gaiteiro/cantante Alberto Varillas, Anabel é a estrela do novo espectáculo Torner con estrea e CD no 2005. No 2006 “Anabel Santiago canta a Diamantina Rodríguez”, un novo traballo discográfico aclamado pola crítica especializada onde rende homenaxe a un dos grandes nomes da música asturiana.

“Desnuda” é o seu último traballo e reunirá en Ferrol a 9 músicos no escenario interpretando unha ampla selección de cancións dende tangos modernos ao country sen esquecer cancións tradicionais asturianas nas que fundamenta o seu repertorio.



Anabel Santiago: voz
Michael Lee Wolfe: guitarras, mandolina, coros
María Álvarez: acordeón
Jacobo de Miguel: teclados
Manuel Cordero: percusións tradicionais
Sergio García: batería
David Casillas: contrabaixo
Puri Penín, Gemma e Silvia Fernández: coros



MÍSIA

Venres 11 de Xullo ás 20.30 horas no Teatro Jofre

Filla dun enxeñeiro portugués e unha bailarina catalana, naceu en Porto no 1955 como Susana María Alfonso de Aguiar. É a terceira xeración de artistas por liña materna; cantante dinámica, políglota e cosmopolita non é só fadista, senón tamén cantora universal que interpreta dun xeito persoal boleros, tangos, estándares de jazz,... Personalidade brillante e renovadora dun fado que está a reinventarse dende os anos 90.

Misia viviu en cidades con vocación portuaria: Porto, Barcelona e Lisboa que reflicten un repertorio ecléctico de estilo universal e con personalidade fadista. É unha das figuras máis internacionais da escena lusa actual, especialmente apreciada en Francia e España. No 1990 aséntase definitivamente en Lisboa decidida a valorar o xénero de música urbana do fado, caído en desgraza cultural e comercial logo da Revolución dos Cravos (1974).

Entre os premios máis recentes, destacan A Orde do Mérito en Portugal no 2005; Gran Medalla Vermeil de París ou Cabaleiro da Orde das Artes e das Letras en Francia no 2006. Dende o seu primeiro traballo (“Misia”) no 1991 figura entre as máis grandes do fado; gravou 8 discos en solitario e colaborado con artistas coma María Bethânia ou Adriana Calcanhoto, Maria João Pires e Ute Lemper. Dos seus últimos álbums destacan “Ritual” nunha intensa achega ao estilo tradicional; “Canto” con composicións de Carlos Paredes e “Drama Box” do 2005, onde se achega ao tango e ao bolero.

En febreiro de 2007 estreou en París, “Lisboarium”, un concerto acústico onde a cantante interpreta sobre a música do fado tradicional os textos de grandes poetas especialmente escritos para a súa voz. Un espectáculo aclamado por crítica e público que presentará en Ferrol. Actualmente ten en preparación “Lisboarium & guests” que sairá ao mercado proximamente.



Mísia: voz
Luis Cunha: violín
Bernardo Couto: guitarra portuguesa
Daniel Pinto: guitarra



S'TRANNIKI E MANOLO PANFERRETEIRO Sábado 5 de xullo ás 18.00 horas na capela do Torrente Ballester

Stranniki nace no ano 2000 da conxunción musical entre dous currunchos de Europa. Un ucraíno, dous bielorrusos, un lugués e un de Ferrol que misturan con acordeón, violino, baixo e percusión nun cóctel de estilos populares con gran finura.

O seu repertorio abrangue estilos tan variados como a súa formación: temas populares rusos, de jazz, latinos, orientais, melodías de filmes, pezas de grandes autores clásicos, etc, unha mistura que reflicte as súas diferentes procedencias e o longo camiño que percorreron até chegar aquí. A maior parte dos temas están arranxados polos propios integrantes do grupo, o que lles dá un carácter e unha personalidade únicos.

Para o Ciclo xúntanse co multiinstrumentista Manolo de Berrobambán no espectáculo da Montaña Máxica. Levarán a nenos e maiores por unha viaxe musical a través do Atlántico, na que se escoitarán as músicas que son banda sonora de cidades con cheiro a mar: Lisboa, Bos Aires, Rio de Xaneiro, Nova Orleáns... Nelas poderemos apreciar tanto as diferenzas como as semellanzas que nos falan de mestizaxe e influencias dunhas sobre as outras.

O mar é diferente en cada praia. Así tamén esta historia vai mudando. En cada porto deixa algo novo que rescata o anterior. Este conto é un encontro, e leva tamén as súas músicas, as súas sonoridades agochadas en pequenas cousas, os seus soños...



Oleksander Savchuk: violín
Vadim Yukhnevich: acordeón e voz
Yuri Sidar: baixo acústico
Totó: guitarra
Antonio Vázquez: percusión
Manolo Panforreiteiro: ventos e percusións



PASEO NA LANCHA “CALABROTE” POLA RÍA CON MÚSICA AO VIVO: DÚO FERNÁNDEZ/QUINTÁ.

Sábado 5 de xullo. Saídas do peirao de Curuxeiras ás 12.00 horas e 13.00 horas

Paseo turístico en lancha pola ría de Ferrol para descubrir dende dentro os encantos e recantos dun estuario singular: Estaleiros de Navantia, Arsenal Militar, Base da Graña, Castelos da Palma e San Felipe, Fortalezas de San Carlos e San Cristovo.

Un percorrido amenizado con música ao vivo do dúo de acordeón diatónico e zanfona de Carlos Quintá (Linho do Cuco) e Óscar Fernández (Os Cempés, Bonovo).

Viaxes con límite de praza reservadas a aquelas persoas con abono, previa retirada de billetes no Teatro Jofre.







Concello de Ferrol
C U L T U R A

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**



CONSERVATORIO DE MÚSICA
TRADICIONAL E FOLQUE